

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

ANUNCIO do 5 de febreiro de 2024 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria na intersección do punto quilométrico 31+540 da PO-255 en Covelo, de clave PO/21/115.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 5 de febreiro de 2024 realizouse a aprobación provisional do proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria na intersección do punto quilométrico (p.q.) 31+540 da PO-255 en Covelo, de clave PO/21/115.06, no municipio de Covelo (Pontevedra), que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria na intersección do p.q. 31+540 da PO-255 en Covelo, de clave PO/21/115.06, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, por escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que crean convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, se é o caso, de acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Segundo. Someter ao trámite de información publica a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que calquera persoa poida achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como



máis conveniente ao fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

Terceiro. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación que compón o proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida M^a Victoria Moreno, 43-1º, 36071 Pontevedra) e na Casa do Concello de Covelo.

Así mesmo, a documentación íntegra do proxecto e un extracto do documento cos obxectivos, localización e descripción da actuación, estará dispoñible na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/informacion-publica/estudios>

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2024

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados**Mellora da seguridade viaria na intersección do p.q. 31+540 da PO-255 en Covelo****Clave PO/21/115.06**

Concello de Covelo.

Nº	Ref. catastral	Políg.	Parc.	Titular	DNI	Clase solo (Catastro)	Clasificación urbanística	Sit. básica solo (RDL 7/2015)	Expropiación (m ²)
1	36013A031003650001EU	31	365	Fernando Javier Prado Prado	***1399**	Urbano	Solo de núcleo rural sen categorizar	Urbanizado	445,96
2	36013A029006040000WF	29	604	Marcelino Losada Loureiro	-	Rústico	Solo rústico de especial protección	Rural	111,64
3	36013A029006030000WT	29	603	Carmen Vales Piña (hros.)	***0960**	Rústico	Solo rústico de especial protección	Rural	23,16
4	36013A029006020000WL	29	602	José López Rodríguez	-	Rústico	Solo rústico de especial protección	Rural	8,80
5	36013A031003640000WB	31	364	En investigación	-	Urbano	Solo de núcleo rural sen categorizar	Urbanizado	8,26
6	36013A031003840000WI	31	384	José López Rodríguez	-	Rústico	Solo rústico de especial protección	Rural	20,09
7	36013A031003830000WX	31	383	Lionel Augusto Martínez Piña	-	Rústico	Solo rústico de especial protección	Rural	330,67
8	36013A031003810000WR	31	381	En investigación	-	Rústico	Solo rústico de especial protección	Rural	228,88
9	36013A031003850000WJ	31	385	María del Carmen Vázquez Sánchez	***9630**	Rústico	Solo rústico de especial protección	Rural	50,95